



CIRCULAR DO 17 DE MAIO DE 2020 DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL SOBRE A NORMATIVA APLICABLE AO EXERCICIO DA PESCA FLUVIAL NA FASE 1 DO PLAN DE DESESCALADA DO ESTADO DE ALARMA (CRISE SANITARIA COVID).

- O Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e por mor da situación sanitaria vixente, adoptou a medida preventiva de suspensión do exercicio da pesca fluvial en Galicia, en tanto estea vixente a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno do Estado e a situación de emerxencia sanitaria, e no que resulte compatible e non se opoña ao previsto no Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a Xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e ao previsto na normativa e actos estatais e autonómicos ditados en desenvolvemento e aplicación do dito real decreto.
- No Consello de Ministros de 28 de abril aprobouse un Plan para a recuperación da vida cotiá e da actividade económica, que inclúe determinadas fases para o levantamento das limitacións establecidas no estado de alarma, establecendo o citado Plan que só por Orde do Ministro de Sanidade poderán regularse as concretas limitacións que se levantarán e as datas concretas.
- Neste marco, aprobáronse as **Ordes SND/380/2020**, de 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e a Orde **SND/388/2020, do 3 de maio**, pola que se establecen as condicións para a apertura ao público de determinados comercios e servizos, e a apertura de arquivos, así como para a práctica do deporte profesional e federado.

Estas dúas Ordes **non excluían de xeito expreso a práctica de ningún tipo de actividade deportiva**, partindo ámbalas dúas ordes ministeriais de que a práctica da actividade física e a redución do sedentarismo son factores que





teñen unha incidencia positiva na mellora da saúde das persoas, na prevención das enfermidades, na mellora do benestar emocional e da función inmunitaria, cos beneficios adicionais como a exposición á luz natural para a síntese da vitamina D e beneficios sobre a Saúde mental. Beneficios que as citadas ordes ministeriais consideran que implican unha situación de necesidade que ampara o artigo 7.1.g) do RD 463/2020, do 14 de marzo .Ao non excluír as citadas ordes á pesca fluvial do seu ámbito de aplicación, resultaban de plena aplicación ao exercicio da dita actividade.

- En base ao anterior, por Acordo do CECOP do 5 de maio (publicado o 6 de maio) , e para dar maior seguridade xurídica no que toca ao exercicio da pesca fluvial, acordouse que conforme ao disposto nas citadas ordes ministeriais quedaba restablecida a actividade da pesca fluvial sempre que se desenvolva ao abeiro e con suxeición aos requisitos establecidos nas citadas ordes ministeriais e posteriores normas e actos estatais ditados en desenvolvemento e aplicación do Real decreto 463/2020.
- No BOE do 9 de maio publícase a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, que modifica tanto a Orde SND/388/2020, de 3 de maio como a Orde SND/380/2020, de 30 de abril. A través desta disposición, o Ministerio de Sanidade de forma expresa exclúe a pesca fluvial do ámbito de aplicación das citadas ordes, modificación que entrou en vigor **ás 00:00 horas do día 11 de maio de 2020.**
- Tendo en conta o anterior, con data do 09/05/2020 ditouse unha circular por esta dirección xeral, mediante a que se indicaba que dende as 00 horas do día 11 de maio do 2020 e por expresa decisión do Ministerio de Sanidade do Goberno do Estado na Orde SND/399/2020, de 9 de maio, a práctica da actividade deportiva da pesca fluvial deixaba de ser unha actividade deportiva permitida durante a fase 1 da vixencia do estado de alarma.
- Con data de 16 de maio de 2020, o Boletín Oficial do Estado modifica de novo a regulación da práctica da pesca fluvial a través da **Orde SND/414/2020, do 16 de maio**, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito





nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Mediante a disposición final segunda, apartado 7, da devandita Orde, procédese a modificar a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, engadindo a esta orde unha nova actividade permitida en fase 1, cal é a práctica da pesca deportiva e recreativa en todas as súas modalidades, e que se regula mediante a inclusión na citada orde dun novo **capítulo XV** “*Condicións para o desenvolvemento da actividade cinexética e a pesca deportiva e recreativa*”

Segundo esta modificación, con carácter xeral, **Queda permitida a práctica da pesca deportiva e recreativa en todas as súas modalidades** sempre que se respecte a distancia de seguridade e as medidas de hixiene e prevención fixadas polas autoridades sanitarias (novo artigo 49 da Orde SND/399/2020)

E con carácter específico, no novo artigo 50 da Orde SND/399/2020, indicase que para a práctica desta actividade deberanse seguir as medidas xerais de prevención e hixiene fronte ao COVID-19 indicadas polas autoridades sanitarias, e en particular:

- .Cando no sexa posible manter a distancia de seguridade establecida, será obrigatorio o uso de mascarilla.
- .Non se compartirán utensilios de caza ou pesca, nin trebellos de comida ou bebida.
- .Deberase limpar e desinfectar o vestiario despois do seu uso, de acordo co previsto no artigo 6 da orde.
- .Deberanse limpar e desinfectar os utensilios de caza e pesca utilizados

A citada Orde SND/414/2020, do 16 de maio, non modifica as disposicións finais segunda e terceira da Orde SND/399/2020, de 9 de maio, polas que se excluía a pesca do ámbito de aplicación da orde 380/2020, de 30 de abril e da Orde SND /388/2020, de 3 de maio .Por tanto, a actividade da pesca queda sometida á regulación prevista no artigo 7 da Orde SND/399/2020, de 9 de maio, conforme ao que para as actividades reguladas na citada orde poderá





circularse pola provincia , illa ou unidade territorial de referencia, (no caso de Galicia as provincias de Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra), sempre que se respecten as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias, máis sen establecer limitación algunha no que toca á franxas horarias.

Conforme ao sinalado na disposición adicional quinta da Orde SND/414/2020, do 16 de maio, surtirá plenos efectos dende **as 00 horas do día 18 de maio do 2020.**

POLO TANTO,

- **con base** ao disposto na Orde SND/414/2020, do 16 de maio, que dá unha nova regulación á Orde SND/399/2020, de 9 de maio, **queda permitida a práctica da pesca deportiva e recreativa en Galicia**, dende as 00 horas do día 18 de maio do 2020, sen mais limitacións que as indicadas para estas actividades na citada Orde ministerial , e sen prexuízo da regulación sectorial autonómica específica nestas materias, que deberá ser respectada en todo caso.
- con base ao disposto no artigo 7 da Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para as actividades reguladas na citada orde como é a práctica da pesca deportiva e recreativa en Galicia, non se establecen na normativa estatal limitacións horarias específicas .
- con base ao disposto no artigo 7 da Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para as actividades reguladas na citada orde, como é a práctica da pesca deportiva e recreativa en Galicia, poderá circularse pola provincia , illa ou unidade territorial de referencia, (no caso de Galicia as provincias de Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra).
- con base ao disposto na Orde SND/399/2020, de 9 de maio, non se establecen limitacións no que toca ao uso de vehículo ou





transporte público para a práctica da pesca deportiva e recreativa en Galicia.

- **Non resultan de aplicación á práctica da pesca deportiva e recreativa en Galicia as limitacións previstas na orde 380/2020, de 30 de abril e na Orde SND /388/2020, de 3 de maio**

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén M^a do Campo Piñeiro

